

PROXECTO XEA-CLÍO

# *Vivendas e cidades*



Xosé M. Souto González  
(Coordinador)



XER AIS



PROXECTO XEA-CLÍO

# *Vivendas e cidades*

---

■ Xosé M. Souto González  
(Coordinador)

---

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



**Maquetación:**

Paco Armada

**Capa:**

Miguel Vigo

© Emilia Ayora Pérez, Uxío Cortés Couselo, Vicenta Dasí Sirera,  
Isabel Dopazo Quiñones, Xerardo Fentanes Rodríguez,  
Francisco Xabier Fernández Nogueira, José Luís García Verduch,  
Josefa González Iglesias, Salvador Menor Roselló, Xosé Manuel Souto,  
Antonio Vázquez Vázquez, 1997

© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 1997  
Dr. Marañón, 12. 36211 VIGO

ISBN: 84-8302-178-1

Depósito Legal: VG. 827-1997  
Printed in Spain  
Impreso en Gráficas Numen  
Velázquez Moreno, 16  
36201 Vigo

Agradecemos á editorial Nau Llibres as facilidades proporcionadas para realizar esta edición galega.

Reservados todos los derechos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

	Páx.
1. AS NOSAS IDEAS SOBRE VIVENDAS E CIDADES .....	5
2. IMAXES DE VIVENDAS E CIDADES .....	11
3. PLANIFICAMOS UN HÁBITAT .....	15
4. INTENTAMOS DEFINIR CIDADE E VIVENDA .....	18
5. FACEMOS UN ITINERARIO PARA COÑECER MELLOR AS NOSAS CIDADES E AS NOSAS VIVENDAS .....	23
6. AS DESIGUALDADES SOCIAIS .....	27
7. ENCONTRAMOS DESIGUALDADES SOCIAIS .....	31
8. ANALIZAMOS PLANOS DE DIFERENTES CIDADES .....	39
9. UNHA PRIMEIRA SÍNTESE PARCIAL .....	46
10. AS CIDADES NO MUNDO ACTUAL .....	47
11. A CIDADE COMO SISTEMA. O METABOLISMO URBANO .....	54
12. PLANIFICÁMO-LA CIDADE DO FUTURO .....	56

O ser humano sempre tivo necesidade de buscar un asentamento para resgardarse das inclemencias do medio. Arredor das vivendas e nas agrupacións destas desenvólvese a vida social. Nesta unidade didáctica pretendemos estudar algunhas das causas.

Para iso cómpre reflexionar verbo das opinións previas que nos temos ó respecto.

Traballaremos con algúns textos, imaxes e fotos de vivendas e cidades, así como con enquisas, coa finalidade de preguntármonos qué sabemos e como explicámo-las nosas sensacións dende estas ideas. Comecemos xa.

### As nosas ideas sobre as vivendas

1

Imos escribir unha breve redacción sobre cómo pensamos que é unha vivenda e para qué serve. Para iso, has de elixir ata DEZ palabras ou ideas que ti relacionas coa vivenda e despois realízala túa redacción. As palabras son as seguintes:

Familia	Refuxio	Matrimonio
Especulación	Plantas e árbores	Dormitorios
Piso, edificio alto	Problema social	Igualdade social
Animais domésticos	Garaxe	Marxinación social
Chalé unifamiliar	Investimento de futuro	Angustia
Necesidade vital	Aforros gastados	Independencia
Lugar cómodo	Aluguer	Propiedade privada

## AS NOSAS IDEAS SOBRE VIVENDAS E CIDADES

2

Agora fai o mesmo respecto do que ti cres que é unha cidade. Utiliza ata un máximo de dez ideas ou palabras das que che amosamos a continuación:

Humanismo	Industrialización	Comercios
Pacifismo	Escolas, institutos	Edificios altos
Inseguridade	Discotecas, televisión	Tempo libre
Nenos e rapaces	Polución	Hospitais
Solidariedade	Transporte urbano	Rapidez
Aire limpo	Bancos. Caixas de aforros	Barullo
Agresividade	Vellos, anciáns	Densidade de poboación
Parques	Tranquilidade	Diversión
Aburrimiento	Pouco tempo libre	Cultura
Repulsión	Máis de cincuenta mil persoas	Diversidade de traballos

## AS NOSAS IDEAS SOBRE VIVENDAS E CIDADES

3

Despois de compara-las redaccións individuais que acabades de realizar, clasifícade as palabras elixidas atendendo ós seguintes criterios:



Cadro 1

Económicos	Sociais	Morfolóxicos	Persoais

### *Conclusiones da clase*



4 ¿Que criterios priman?

5 Clasifica os termos elixidos en:

Positivos  
Negativos  
Neutros

## AS NOSAS IDEAS SOBRE VIVENDAS E CIDADES

Co que sabes neste momento imos analizar os fragmentos de *Robinson Crusoe* e *La Colmena* que reproducimos a continuación.

### Documento 1

Tódolos meus pensamentos estaban agora centrados, con verdadeira teimosía, en procurar a defensa contra os posibles salvaxes ou bestas bravas que houbera na illa. Cismeí moito reflexionando sobre o tipo de residencia e o modo de construíla, se debía ser subterránea ou se sería mellor unha choupana á aire libre. Ó final decidín construíla alí, e non crepo que estea de máis relatar como o fixen.

En primeiro lugar, descubrí que o sitio en que estaba non servía para instalarme nel, sobre todo porque era terra baixa e lamacenta, moi próxima á mar, e polo tanto pouco saudable, amais de non ter auga nas proximidades. Entón decidín buscar un lugar máis san e máis conveniente. (...) Con vista para o mar, a fin de que, se Deus me permitía avistar algún barco, non perdese a oportunidade de salvarme, pois aínda non estaba disposto a abandonar as esperanzas.

Fonte: DEFOE, D. *Robinson Crusoe*. Ed. Xerais. Tradución de Gonzalo Novaza.

6

¿A que aspectos atinxen as consideracións de Robinson?

¿Que características considera Robinson debe reunir a zona en que vai instalar a súa vivenda? ¿Por que?

7

Ademais deste aspecto, ¿que outros consideraría ti que Robinson non menciona?



Martín Marco para perante os escaparates dunha tenda de lavabos que hai na rúa Sagasta. A tenda loce coma unha xoiería ou coma a perruquería dun grande hotel. e os lavabos parecen lavabos doutro mundo, lavabos do paraíso, coas súas billas relucentes, as súas louzas tersas e os seus nítidos, purísimos espellos. Hai lavabos brancos, lavabos verdes, rosa, amarelos, violeta, negros; lavabos de tódalas cores. ¡A quen se lle ocorre! (Páx. 46).

No café de Dona Rosa, como en todos, o público da hora do café non é o mesmo có público da hora da merenda. Todos son habituais, abofé, todos sentan nos mesmos diváns, todos beben nos mesmos vasos, toman o mesmo bicarbonato, pagan con pesetas, aturan idénticas impertinencias da dona, mais, sen embargo, quizais alguén saiba por que, a xente das tres da tarde non ten nada que ver coa que chega dadas as sete e media. (Páx. 125).

Dende o camiño do leste vense unhas casoupas miserentas, feitas de latas vellas e de anacos de táboas. Uns nenos xogañ guindando pedras contra as pozas que deixou a chuvia. Polo verán, cando aínda non secou o Abroñigal, pescan ras a paos e mollan os pés nas augas sucias e fedorentas do regato. Unhas mulleres andan a remexer no lixo. Algún pobre vello, se cadra impedido, senta na porta dunha choupana sobre un caldeiro boca abaixo, e estende á raxeira da mañá un periódico cheo de cabichas. (Páx 282).

Camilo J. Cela, *La Colmena*. Noguer. Barcelona, 1975

8

Diferencia os tres lugares que aparecen no documento. Pon exemplos de lugares semellantes.

9

¿Que problemas ves no terceiro fragmento? ¿Como poderían solucionarse?

## AS NOSAS IDEAS SOBRE VIVENDAS E CIDADES

10

Redactade un breve informe coas medidas que tomariades para solucionar los problemas precedentes.



*Recapitulemos*

✓



Documento 3



Documento 4



Documento 5



Documento 6

*Recapitulemos*

✓



Documento 3



Documento 4



Documento 5



Documento 6

# IMAXES DA VIVENDA E DA CIDADE

**11**

Observa as fotografías e enche a seguinte táboa, indicando os elementos que definen cada imaxe:

**Cadro 2**

	Económico	Social	Morfolóxico	Persoal
1				
2				
3				
4				

¿Cal elixirías para vivir?

¿Onde poderían estar situadas?

## IMAXES DA VIVENDA E DA CIDADE

**12**

Observa as seguintes fotografías e contesta as seguintes preguntas referidas a cada unha delas:

¿Por que é unha cidade ou por que non o é?

¿Qué función tería a cidade?

¿En cal das seguintes imaxes de áreas urbanas colocaría as catro vivendas anteriores?

**Cadro 3**

1	
2	
3	
4	
5	
6	

*Conclusións da clase*



# IMAXES DA VIVENDA E DA CIDADE


Documento 7



Documento 8



Documento 9



Documento 10



Documento 11



Documento 12



Recapitulemos

✓




Figura 1



## PLANIFICAMOS UN HÁBITAT

13



Esta é unha illa imaxinaria situada a  $40^{\circ} 30'$  latitude Norte e  $20'$  lonxitude Oeste. Na compañía de mil persoas chegamos a ela, despois do naufraxio do barco en que viaxabamos. Despois de explorar a illa e non atopar vila ningunha, queremos organiza-lo noso hábitat. En primeiro lugar, e coa axuda dun Atlas, imos localiza-la súa presenza nun planisferio. Despois das primeiras investigacións sabémo-fo que segue:

- A) A vexetación é escasa e a potencia dos solos aumenta coa menor pendente do terreo.
- B) Os ventos e as chuvias dependen da súa situación, aínda que localmente están influídos pola orografía.
- C) As augas potables son as dos ríos que se observan.

Con esta información xa podemos preguntarnos, ¿onde asentariámo-la nosa vila ou o noso acampamento?

Podemos elixir entre os lugares 1, 2, 3 e 4, tendo en conta a orografía, a clinometría (pendentes), a potencia dos solos agrícolas, a auga potable, as zonas pantanosas ou lamacentas e a necesidade de construír un porto para comunicarse co exterior.

¿Cómo sería a vila construída? En equipo, realizade un esbozo e unha explicación verbal, para serlle lida ó resto dos compañeiros da clase, indicando como pretendedes organizala.

## Conclusións da clase



Conclusión Actividade 3  
POSTA EN COMÚN

**14** Xa temos organizado o noso poboado. Pero as cousas non aconteceron na realidade tal como as planificamos. Seguramente hai máis problemas que temos que identificar e arranxar. Por iso, nesta posta en común debes escribir neste caderno os resultados do debate mantido entre os diferentes equipos. En concreto:

- 1º) ¿Qué aspectos do mundo urbano, que non coñecemos ó comeza-lo tema, coñecemos agora?
- 2º) Con tódolos problemas urbanos que xa apareceron ata agora na clase, ou que ti xa coñeces, imos facer un guión de traballo. Como axenda podes utilizar unha ficha semellante a esta:

### Guión de Traballo

Problema identificado
Fontes documentais para o seu estudio
Preguntas básicas
Criterio para clasifica-lo problema

Recapitulemos

✓

*Vexamos como podemos definir mellor as vivendas no interior dunha cidade, para así relacionar mellor os conceptos básicos que estamos estudiando: vivenda e cidade.*

15

No documento nº 13 debes fixarte especialmente en: ¿Como se comparan as características das vivendas? ¿Que cousas se comparan e entre que países? ¿Por que se queren facer estas comparacións? ¿Que se quere dicir? ¿Que tipo de números se utilizan? ¿Por que?

¿Que outras cousas necesitarías coñecer para saber se tódalas vivendas de España e da túa localidade son coma as que nos amosan os números do cadro estatístico?

As condicións das casas en España

Documento 13

## Miles de fogares carecen de auga corrente, electricidade e servicios hixiénicos

FRANCISCO MERCADO,  
Madrid.

Decenas de miles de vivendas españolas non contan con servizos que en moitos lugares se consideran imprescindibles. Pero antes de sinalar estas deficiencias, convén recordar que, segundo un informe do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo (MOPU), "aínda existen 260.000 familias sen vivendas, aloxadas xunto con outras familias ou en condicións totalmente inaceptables". Segundo este informe, o "23% das vivendas españolas necesita profundos arranxos para que reúnan condicións mínimas de habitabilidade, atopándose entre as mesmas un 4% de vivendas en ruínas". A especulación do solo disparou a altura das edificacións españolas, que só nun 8% son vivendas baixas, fronte ó 75% do Reino Unido e o 66% de Francia.

A Enquisa de Presupostos Familiares, cos datos sobre vivendas que foron difundidos recentemente, foi realizada de 1980 a 1981 sobre 24.000 familias polo Instituto Nacional de Estadística (INE). O estudo amosa a crecente tendencia dos españois a seren propietarios da súa vivenda: aí trece anos, só un 53% tiña casa de seu -sexa por compra ou herencia- ou atopábase en vías de adquirila, mentres que na actualidade, o 69% dos fogares está nesta situación. Pola contra, as familias que elixiron o réxime de aluguer descendieron dun 39% en 1968 a un 23% en 1981. Tamén descendieron en dito período o número de

### INDICADORES SOBRE CONDICIÓN DAS VIVENDAS FAMILIARES

	Habitacións por vivenda	Nº medio de persoas por cuarto	PORCENTAXE DE VIVENDAS				
			Sen auga corrente	Sen letrina	Sen bañeira ou ducha	Sen electricidade	Sen teléfono
España	4,9	0,7	3,8	7,6 <sup>m</sup>	17,1	0,9	49,3
R.F. de Alemaña	4,2	0,6	-	2,6	7,1	1,8	30,2
Francia	3,5	0,8	1,0	17,7	20,4	0,4	48,1
Italia	3,7	0,9	7,7	4,0	12,4	0,1	46,1
Reino Unido	-	0,6	-	6,7	2,9	0,1	33,8
Estados Unidos	-	0,5	3,0 <sup>m</sup>	3,0 <sup>m</sup>	3,0 <sup>m</sup>	-	-
Irlanda	-	0,9	-	22,0	26,0	-	-

<sup>m</sup> Inclúe as vivendas que teñen letrina compartida.

<sup>n</sup> Porcentaxe de fogares sen auga corrente, letrina, baño ou ducha.

afortunados que herdaron unha vivenda, dun 23% a un 14%.

Non é desdeñable a porcentaxe que optou por comprar unha vivenda usada: en total, un 17,1%, fronte ó 37,8% que preferiu estrea-lo fogar que compraba, tendencia esta última en ascenso.

O fenómeno de herdanza da vivenda é moito máis notorio en concellos de menos de 10.000 habitantes -onde un 30,8% chegou a ser propietario por esta vía- que nos grandes concellos de máis de 500.000 habitantes, en que só se dá nun 2,3% dos casos.

Mención á parte merece quen ocupa unha vivenda por cesión gratuita: en total, 686.089 familias das que os membros das Forzas Armadas cobren a maior porcentaxe -un 28,2% conseguiu casa desta forma- seguidos dos directores e persoal titulado agrario -23,1%-.

#### O difícil afinamento

A porcentaxe que se decide por aluguer é moi elevada -un

41%- entre os que emigraron dunha cidade a outra, o que dá idea do arduo do seu asentamento, a pesar de que un 11,3% goza de vivenda cedida gratuitamente. A enquisa revela que a porcentaxe de vivendas en aluguer descende a medida que aumenta a superficie das mesmas.

Así, o 41% das vivendas arrendadas teñen menos de cincuenta metros cadrados. O que non ofrece dúbidas é a baixa porcentaxe de vivendas en aluguer, que se en España se cifra en torno ó 20%, en Francia e Italia acadou un 40%, segundo datos do MOPU.

O estudio tamén sacou á luz a enorme antigüidade do parque de vivendas: un 29,3% foron construídas antes de 1940 -delas un 16% antes de 1900-, e só un 25% foron construídas despois de 1969.

*El País*, domingo 4 de novembro de 1989

## INTENTAMOS DEFINIR CIDADE E VIVENDA

17

A situación das vivendas non foi sempre a mesma, nin tampouco a súa función. Nos documentos que che amosamos de seguida analízanse as funcións das vivendas en dous momentos diferentes. Trátase de que fagas un estudio dos documentos e que explíque-las diferencias entre os mesmos, e deberás completar tamén o cadro que atoparás a continuación. ¿Como se relacionan estes documentos coas características expresadas no artigo de *El País*?

### Documento 14

Unha casa é un lugar de produción (unha fábrica de traballo doméstico), e un lugar de consumo (un ámbito en que se vive e se convive).

Na casa burguesa tradicional, o espazo de produción (zona de servizo) e o de consumo (zona habitable) non se superpoñían; as conexións de produción e consumo correspondían a corpos diferentes (criados e señores). O campo de produción era moi amplo: fiar, tecer, coser, lavar, pasa-lo ferro, cociñar, fregar, construír, reparar,... Tódalas tarefas eran feitas a man; a enerxía procedía do corpo e a man era o órgano de axeita-las cousas. Os traballos facíanos os criados.

A casa na sociedade de consumo distribúese de maneira diferente: o campo de produción mecanízase (os corpos dos criados tenden a ser substituídos polos aparellos) e redúcese; mércase a roupa feita, a comida preparada, as festas prefabricadas. No campo, o consumo tamén se transforma profundamente. A casa ábrese o exterior por medio de grandes fiestras. Os cuartos fanse multifuncionais (comer e mais algo máis: salón, sala de estar, comedor); comunícanse as súas funcións (trabállase no dormitorio, dórmese ocasionalmente no salón...)

Reelaboración dun texto de Jesús Ibáñez Alonso. "A Casa na sociedade de consumo".  
*Cuadernos Para el Diálogo*. 1 -7 maio de 1976. páxs. 38 e 39.

### Documento 15

#### A casa rural

A dependencia esencial nas nosas vivendas campesiñas é a cociña; ó seu redor xira a vida dos seus mouradores, que desenvolven nela case que a totalidade dos seus labores mentres están na casa.

A cociña non é so a peza destinada a prepara-lo xantar; alí xúntase a familia para comer, recíbense visitas, faise o faladoiro, rézase o rosario, gárdanse as provisións, etc.

Dentro da cociña, o lugar fundamental ocúpao a lareira, que vén sendo unha lousa de pedra encol da que se prende o lume. Enriba da lareira vai a cambota, e entre as dúas está o canizo, consistente nun tecido de carabullos que trazan unha sorte de plataforma a través da cal pasa o ar quente e o fume; está destinado a afumar e seca-las castañas e os chourizos. Un elemento típico da lareira é o caldeiro para face-la comida do gando.

Na cociña aparecen outros elementos: o fregadeiro, pía de pedra encastrada na parede cun buraco aberto á rúa que serve de sumidoiro; as despensas ou alacenas destinadas a gardar cousas.

Aínda que en moitas vivendas a cociña é a única dependencia, non é isto o xeral. Así, témo-la alcoba e os cuartos para durmir e algún cuarto de "respecto" en que se xanta os días de festa.

Na planta baixa están as cortes, co piso de terra cuberto con estrume.

#### A casa cidadá

Moitas das dependencias da casa rural atopámolas na casa da cidade, pero con diferencias. Así, a cociña cidadá ten unhas funcións distintas da rural: xa non é unha dependencia fundamental, destinada a recibir nela os membros da familia; é, pola contra, o sitio destinado exclusivamente a face-lo xantar. A lareira desaparece e é substituída polo fogón que só serve para cociñar, e carece doutros elementos propios da rural, pero endexamais falta, en cambio, a cambota.

Ás veces esta cociña corresponde a unha casa de pequeno tamaño e úsase tamén de comedor; mais neste caso a cociña pasa a ser un elemento secundario, tan secundario que cómpre lembra-las vivendas urbanas en que a cociña está na escaleira, sendo común a varios veciños que a ocupan por rolda para face-los seus xantares.

## COÑECENDO DENSIDADES DIFERENTES NO MUNDO

Dada a diferente vida da cidade, non son necesarias nelas as cortes, e só teñen adegas algunhas casas, mais utilizadas para garda-lo viño, e non para elaboralo (como na rural).

A casa da cidade é un arremedo da casa rural, adaptada a outro xénero de vida, comprimida a un espacio menor e, polo tanto, con menos comodidades, menos aireada e con menos luz.

*Reelaboración dun texto de Xaquín LORENZO: Etnografía: Cultura Material. No tomo 2 da Historia de Galicia dirixida por R. Otero Pedrayo. Páxs. 101-107.*

**Cadro 4**

Cadro de análise	Casa burguesa século XIX	Casa actual urbana	Casa rural
Espacio de produción			
Espacio de consumo			
Energía			
Utilización dos cuartos			
Ciclo da auga			

Como xa vimos, defini-las vivendas non é tarefa fácil. Tamén é difícil explicar qué é unha cidade. Agora ofrecerémosche algúns documentos que amosan diferencias nas súas definicións. Trátase de ir identificando aqueles conceptos que mellor definen unha cidade, para logo facer un traballo nas rúas do noso lugar, que será máis ou menos urbano. Xa o veremos.

**Documento 16**

¿Que é unha cidade? Non é fácil responder a esa pregunta, podemos dicir que é un conxunto espacial máis ou menos extenso en que a poboación é moi densa: máis de cinco mil habitantes por quilómetro cadrado. Dentro dese conxunto concéntranse as distintas formas de hábitat dun grupo social; as súas actividades son esencialmente non agrícolas e o seu efectivo é relativamente importante.

Y. Lacoste e R. Ghirardi, *Xeografía Xeral Física e Humana*.

A Conferencia Europea Estatística de Praga recomendou que se considerara como poboación urbana o conxunto de persoas residentes en agrupacións compactas (núcleo concreto) de censo mínimo de dous mil habitantes, sempre que nos grupos inferiores a dez mil habitantes, a poboación dedicada ó cultivo da terra non sobrepasase o 25% do efectivo total.

P. George, *Xeografía Urbana*.

O problema da identificación do que é urbano foi o punto máis complexo polo feito de que o concepto e a realidade do que é urbano non son estáticos senón que se atopan sometidos a distintos cambios que se derivan das novas concepcións.

H. Carter, *O estudio da Xeografía Urbana*.

## INTENTAMOS DEFINIR CIDADE E VIVENDA

Os trazos esenciais da vida urbana son o illamento social, as relacións sociais caracterizadas pola superficialidade e o anonimato, a especialización funcional e a división do traballo, o espírito de competencia fronte á solidariedade da sociedade rural, a gran mobilidade, o debilitamento das estruturas familiares e a desaparición das relacións cos parentes non próximos.

Reelaboración dun texto de H. Capel, *A definición do urbano*.

A cidade virá definida polas actividades diversificadas dos seus habitantes, ocupados na administración, no transporte, no comercio, na industria e nos servizos diversos. En definitiva, a cidade será unha aglomeración caracterizada ou unha diferenciación interna, e non poderá falarse de cidade no caso de que tódolos habitantes realizaran a mesma tarefa.

Reelaboración a partir dun texto de Benejam Llorens, Ortega, Roig e Vergara Intercambio. *Xeografía humana e económica do mundo actual*.

Como xa podemos observar, as vivendas son susceptibles de comparación. Vimos que tamén é posible comparar rúas e barrios. Estas mesmas cuestións tamén as coñecen outras persoas, que queren que as rúas e as cidades teñan unhas características determinadas. Así, na Lei do Solo determinábase cando un lugar é ou non apropiado, o que permite construír edificios dunha forma e non doutra. Vexamos estas disposicións:

### Documento 17

#### Artigo 10. Solo urbano en concellos con planeamento


Constituirán o solo urbano:

- Os terreos que o planeamento xeral inclúa nesa clase, por contaren con acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación de augas e subministro de enerxía eléctrica, debendo ter estes servizos características adecuadas para servir á edificación que sobre elas exista ou se constrúa. Tamén se considerarán urbanos os terreos que teñan a súa ordenación consolidada por ocupa-la edificación polo menos as dúas terceiras partes dos espazos aptos para a mesma, segundo a ordenación que o planeamento xeral estableza.
- Os que en execución do planeamento cheguen a dispor efectivamente dos mesmos elementos de urbanización a que se refire o parágrafo anterior.

#### Artigo 13. Clasificación do solo en concellos sen planeamento

- Nos concellos que careceran de planeamento xeral o terreo clasificarase en solo urbano e solo non urbanizable.
- Constituirán o solo urbano os terreos que por contaren con acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación de augas e subministro de enerxía eléctrica ou por estaren comprendidos en áreas consolidadas pola edificación ou polo menos na metade de superficie non ocupada por as viais ou espazos libres existentes, se inclúan no Proxecto de Delimitación do Solo Urbano.

### Conclusiones da clase



- 18** Despois de lidos os documentos 16 e 17, realizade un debate na clase, tratando de chegar a conclusións sobre a forma de definir unha cidade e as vivendas. A continuación escribide un breve informe onde expoñáde-las vosas conclusións persoais respecto a qué entendedes por vivenda e cidade, así como as relacións entre ámbalas dúas.

Recapitulemos

✓


*A través dalgunhas imaxes de revistas, diapositivas ou vídeos, viches moitas e diferentes vivendas. Agora trátase de analizalas no seu contexto territorial: na rúa, no barrio, nunha urbanización ou na vila. Para iso debemos organizarnos en equipos e estudia-lo noso contorno dende o que podemos “ver” nun percorrido por algunhas rúas.*

*Para empezar, debemos facer unha descrición xenérica do lugar que imos visitar, indicando onde se atopa, qué relación ten con outros lugares e con outros elementos do medio. Podes utilizar como modelo o condefri realizado na illa imaxinaria (Actividade 3); indica os principais elementos físicos e as comunicacións que posúe ese lugar.*

*Unha vez organizados os equipos, asígnanse diferentes tarefas a cada membro, de tal maneira que uns poden face-lo croquis das rúas, outros colocar símbolos no plano que teñamos do lugar e outros poden cubrir unha ficha semellante á que vos amosamos. Para isto, non debemos esquecer que un edificio é alto e ancho. O número de alturas pódese contabilizar segundo o número de plantas construídas (cantidade que se deduce do número de filas de ventás). A anchura, podémola calcular a partir do número de columnas de ventás. O debuxo que tendes de seguido é un exemplo dun edificio con tres anchuras e catro alturas.*



# FACEMOS UN ITINERARIO PARA VER VIVENDAS E BARRIOS URBANOS



ELEMENTOS	ALTURAS						ANCHURAS					
	1	2	3	4	5	6 e +	2	3	4	5	6 e +	
<b>Material da fachada</b>												
Pedra												
Ladrillo												
Outros materiais												
<b>Fiestras</b>												
Aluminio												
Madeira												
Ferro												
<b>Usos do baixo</b>												
Banco/Caixa												
Comercio												
Bar/Cafetería												
Outros usos												
<b>Estado de conservación</b>												
En ruínas												
Deteriorado												
Ben conservado												
<b>Entrada</b>												
Portal comunitario												
Con porteiro												
Interfono/videoporteiro												
Portal individual												
<b>Cuberta</b>												
Tellado												
Terraza												

## FACEMOS UN ITINERARIO PARA VER VIVENDAS E BARRIOS URBANOS

Á vez que tomamos nota cuantitativa de anchuras e alturas dos edificios, outros membros do equipo, ou tódolos membros, farán un itinerario polas rúas que conforman o barrio estudiado. Pretendemos analiza-la escena urbana; ou sexa, coñecer un pouco máis a imaxe global do barrio. Para iso é necesario que consideremos qué lugares nos parecen máis agradables e menos dende a nosa percepción visual e do ambiente percibido.

Ó remate contrastarémola nosa percepción coa dos veciños. Desta maneira coñeceremos máis cousas dos lugares urbanos.

Co obxecto de estudar ben a escena urbana, cómpremos tipificar-los elementos que configuran unha cidade ou un espacio urbano. Así, imos denominar:

<b>SENDAS,</b>	os lugares que utilizamos para desprazármonos; ou sexa, as beirarrúas, as rúas peonais, as pistas forestais, os xardíns.
<b>NÓS,</b>	os lugares onde nos podemos atopar con outras persoas ou simplemente descansar do noso itinerario, por exemplo, unha praza, ou un parque.
<b>FITOS,</b>	os edificios ou monumentos singulares que nos serven de referencia para orientarnos, nos que, ocasionalmente, podemos atoparnos con alguén. Así serían fitos, as esculturas urbanas, os edificios hospitalarios, os centros comerciais, etc.
<b>BORDOS,</b>	os espacios lineais que nos serven para marca-las rutas, pero non as utilizamos como peóns; por exemplo, un río, o bordo do mar, unha vía de ferrocarril, unha autovía. Os bordos adoitan separar:
<b>BARRIOS,</b>	as superficies, que se diferencian unhas doutras polo tipo de casas, os comercios, a forma das rúas, etc.

19

Ademais de facer este traballo (que supón colocar símbolos no plano que temos), onde indicámo-los lugares que máis nos agradan e os que menos, explicando os motivos, imos facer unha pequena enquisa cos veciños do barrio. Preguntarémolles cousas como:

- ¿Que vota de menos no seu barrio?
- ¿Cales son os límites (bordos) do barrio?
- ¿Que lugares son os máis importantes? ¿Por que?
- ¿Que lle gustaría ter no barrio?
- ¿Cales son os problemas máis graves?
- ¿Cre que a situación mellorou ou empeorou nos últimos anos?
- ¿Que é o máis urxente que hai que realizar no barrio?
- ¿Como se levan entre si os veciños do barrio? ¿Por que?

Por último, podeades anotar outras cuestións relativas ás infraestructuras (Rede de sumidoiros, cables de electricidade, cabinas de teléfono, estado das beirarrúas, rótulos nas rúas, rótulos e avisos en galego, parques e xardíns...).

## FACEMOS UN ITINERARIO PARA VER VIVENDAS E BARRIOS URBANOS

### *Conclusiones da clase*



- 20** Cos traballos en equipo realizados nas rúas do noso lugar e máis coa análise que fixestes dos documentos (actividade 4), **ESCRIBIDE un PEOUEÑO INFORME** onde explicades, cos conceptos adecuados, como eran esas rúas e vivendas, indicando se se parecían ás do documento da vivenda en España e respectaban os requisitos mínimos da lei. Tratade de defini-lo máis claramente posible que entendedes por vivenda e cidade e como se relacionan estes conceptos coa análise das rúas que visitastes. **EXPLICADE** as diferencias entre os barrios e que elementos utilizastes para comparar. ¿En cal se vivirá mellor? ¿Por que? ¿Que cousas aprendestes dunha cidade nesta actividade? ¿Por que hai opinións diferentes sobre a vida nos barrios?

### Recapitulemos



*Estamos comezando a coñecer mellor as vivendas e as cidades. Pero aínda hai moitas cousas que temos que saber. Para iso debemos aprender a formula-los problemas. Un destes é a diferenza existente entre os barrios, non só polas formas dos edificios, senón tamén polos prezos de venda e os alugueres das vivendas, que ás veces explican a diversidade que vimos antes. Nos documentos seguintes podemos ver algúns anuncios de prezos de vendas e alugueres de vivendas en diferentes cidades de España, así como os prezos de vivenda (peseta/metro cadrado) nas diferentes comunidades autónomas.*

**21**

Agora propoñémosvos que fagáde-lo mesmo coa vosa localidade. Investigade cales son os prezos de venda e de aluguer de diferentes vivendas (pola prensa ou nas axencias da propiedade) e tratade de explicar:

- ¿Por que credes que hai diferentes prezos nas vivendas?
- ¿Que relacións se poden establecer entre o tamaño, a forma e os prezos das vivendas? Utilizade os datos que recollestes nos traballos das rúas (actividade 5).
- ¿Por que será máis caro o prezo da vivenda nalgunhas comunidades?
- Realizade un mapa onde diferenciesades as comunidades máis caras e as máis baratas.



## AS DESIGUALDADES SOCIOECONÓMICAS NA BUSCA DE VIVENDA

### Vivenda nova

### Cadro 5

CC.AA.	1992	1994	1996
Andalucía	103.627	109.700	115.000
Aragón	97.065	122.400	133.400
Asturias	86.419	145.200	156.800
Baleares	118.873	112.700	117.300
Canarias	108.044	112.400	123.100
Cantabria	147.485	155.500	161.200
Castela-A Mancha	91.795	105.600	111.500
Castela e León	99.706	133.800	141.200
Cataluña	105.298	210.100	226.800
C. Valenciana	111.114	108.700	115.600
Extremadura	84.604	100.100	101.000
Galicia	87.917	118.800	128.700
Madrid	129.436	234.600	239.000
Murcia	101.976	108.600	109.500
Navarra	97.096	141.000	137.100
País Vasco	108.137	182.700	202.700
A Rioxa	109.911	122.300	125.000
<b>MEDIA</b>	<b>104.800</b>	<b>136.450</b>	<b>166.700</b>

**22**

En referencia ó documento "A especulación inmobiliaria pásalle factura á xente nova", podías contesta-las seguintes preguntas:

- ¿A quen afecta máis a suba dos prezos inmobiliarios?

- ¿É diferente a política de venda e a de aluguer?

- ¿Está ben formulado o problema como escaseza de vivendas no mercado?

## AS DESIGUALDADES SOCIOECONÓMICAS NA BUSCA DE VIVENDA

A especulación inmobiliaria pásalle factura á xente nova

Documento 19

A comezos dos anos 80, o prezo medio por metro cadrado construído en Madrid superaba lixeiramente as 53.000 pesetas. Dez anos máis tarde, ese mesmo metro cadrado sobrepasaba as 250.000 pesetas. Ese aumento de case un 500% é catro veces superior ó salario medio mensual.

A actividade económica recuperouse dende finais de 1985. Nos anos posteriores, un elevado número de persoas considerou o acceso á vivenda, pero coincidiu cunha fase especulativa, que colocou no mercado unha oferta inaccesible para unha grande parte da demanda.

A crise concentrouse nas cidades, e afectou sobre todo á xente nova e ás familias recién formadas. A expresión máis directa desta crise é o retraso na idade de emancipación da xente nova, que en 1990 superaba os vinteseite anos. Os mozos españois permanecen na casa paterna moito máis tempo ca noutros países de Europa.

Isto acontece a pesar de que o número de vivendas construídas nos anos 80 debería ser suficiente para atende-la demanda potencial dos novos fogares. Globalmente, o parque de vivendas por 1.000 habitantes resulta en España dos máis altos de Europa.

O problema reside no desaxuste entre oferta e demanda ós prezos que se produciron. Moitas vivendas utilizadas como segunda residencia e outras moitas desocupadas é o que deu de si o xogo do mercado inmobiliario. A intervención pública non corrixiu o impacto destas realidades.

A crise estendeuse ó mercado de aluguer. Deuse liberdade á parte contratante para fixa-lo prezo e a contía dos alugueres, elimináronse barreiras para pactar prezos e permitiuse transformar vivendas en oficinas e locais de negocio.

Os promotores do decreto pretendían poñer máis vivendas no mercado. Pero o que realmente ocorreu é que o prezo dos alugueres se disparou. Boa parte das vivendas baleiras que saíron ó mercado serviron para a instalación de oficinas, posto que só as empresas tiñan capacidade financeira para paga-los altos alugueres exixidos, sobre todo nas grandes cidades. O número de fogares constituídos en vivendas alugadas era do 17,1% en 1985, e a finais dos 80 a porcentaxe estaba no 15%.

*El País*, 28 de outubro de 1992.

Recapitulemos

✓

*Xa vimos que nas cidades existía unha desigual distribución dos prezos das vivendas segundo a rúa ou o barrio. Agora imos ver como repercute esta situación na vivenda dos cidadáns.*

### **Todos temos dereito a unha vivenda**

Os diferentes usos do solo urbano indican por eles mesmos que unha colectividade humana, cos seus diferentes proxectos, foi organizando ó longo da historia un espacio natural. Para empezar, deberíamos pensar que a organización social está orientada a conseguir-lo maior benestar posible da comunidade. Así, os gobernantes deben propicia-las mellores condicións de vida nos espacios que eles dirixen. En España, dentro dos dereitos e deberes constitucionais especifícase:

### **Documento 20**

Artigo 47: Tódolos españoles teñen dereito a unha vivenda digna e axeitada. Os poderes públicos promoverán as condicións precisas e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando a utilización do solo de acordo co interese xeral para impedi-la especulación. A comunidade participará nas plusvalías que xere a acción urbanística dos entes públicos.



# ATOPAMOS DESIGUALDADES SOCIAIS

23

A partir do texto legal, ¿que variacións vos de esperaríade-lo prezo?

## Prezos de vivendas de V. P. O.

Caixa 6

	AREA 1	AREA 2	AREA 3
V.P.O. 70 m <sup>2</sup> Ingresos inferiores a 3,5 veces o S. M. I.	7.070.028	6.433.728	6.009.500
V.P.O. Réxime especial. 90/2 Ingresos inferiores a 2,5 veces o S. M. I.	7.575.030	6.893.280	6.438.780
V.P.O. 90 m <sup>2</sup> Ingresos inferiores a 3,5 veces o S. M. I.	9.090.036	8.271.936	7.726.500
V.P.O. 90 m <sup>2</sup> Ingresos superiores a 3,5 ata 5 veces o S. M. I.	9.090.036	8.271.936	7.726.500

Área 1: Concellos de máis de 50.000 habitantes. Área 2: Concellos entre 20.001 e 50.000 habitantes. Área 3: Concellos de menos de 20.000 habitantes.

## Evolución do salario mínimo interprofesional

Caixa 7

Ano/S. M. I.	Pts./día	Pts./mes	Ano/S. M. I.	Pts./día	Pts./mes
1-I-63	60	1.800	1-IV-79	640	19.200
1-X-66	84	2.520	1-X-79	692	20.660
1-X-67	96	2.880	1-VI-80	750	22.770
1-I-69	102	3.060	1-IV-81	824	25.620
2-IV-70	120	3.600	1-I-82	848	26.440
1-IV-71	136	4.080	1-IV-83	1.072	32.160
1-V-72	156	4.680	1-I-84	1.158	34.740
1-IV-73	186	5.580	1-I-85	1.236	37.170
1-IV-74	225	6.750	1-I-86	1.338	40.140
1-IV-75	280	8.400	1-I-87	1.406	42.150
1-IV-76	345	10.350	1-I-88	1.468	44.040
1-X-76	380	11.400	1-I-89	1.536	46.080
1-IV-77	440	13.200	1-I-90	1.607	50.010
1-X-77	500	15.000	1-I-91	1.735	53.250
1-IV-78	548	16.440	1-I-92	1.876	56.280
1-X-78	600	18.000	1-I-93	1.951	58.530

### Resultados de equipo



24 Estimando que cobraría-lo salario mínimo e tiveras que paga-lo piso o contado, ¿canto tardarías en pagar unha vivenda en cada unha das tres zonas? ¿Canto poderías afrontar ó mes?

- ¿Canto valería o metro cadrado de cada unha das vivendas?

25

Agora, para que poidas comparar cos teus compañeiros e coas situacións reais que antes che amosamos, propoñémosche que realice-la seguinte enquisa sobre a túa propia vivenda:

### EMPRAZAMENTO

CIDADE:  
BARRIO:  
RÚA:  
NÚMERO PATIO:

### DESCRIPCIÓN DO EDIFICIO

ANO DE CONSTRUCCIÓN:      ¿Por que interesa sabe-lo ano?  
Nº de PLANTAS:  
Nº de VIVENDAS:  
Nº de SOTOS (DESTINO):  
Nº de PLANTAS BAIXAS (utilización):  
CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO:

### VIVENDA

SUPERFICIE:                    - Metros cadrados útiles:  
    - Metros cadrados construídos:  
    - Metros cadrados con elementos comúns:

DISTRIBUCIÓN (Has debuxa-lo plano da vivenda):

CALIDADES. Elementos comúns:  
    - Fachada/s:  
    - Sanitarios:  
    - Cociña:  
    - Instalacións (portas, ventás, balcóns):

### RÉXIME DE PROPIEDAD

PROPIO:                        - Ano de compra:  
    - Prezo:  
ALUGADO:                      - Ano e duración do contrato:  
    - Contía da renda:

OUTRAS SITUACIÓNS:

26

No plano da vivenda familiar marca os **espacios de uso común** e os **espacios de uso restrinxido**, indicando con tramas de cores as zonas de dominio de cada membro da familia. ¿Como definiría-la túa vivenda? ¿A que tipo se asemella máis, ás de protección oficial ou ás dos anuncios da actividade 6?

27

Ademais das diferentes formas, tamaños e prezos, nas vivendas existe unha grande diversidade de situacións sociais. Nos documentos que de seguido che presentamos, reflíctense problemas sociais relacionados coa vivenda nas grandes cidades.

Individualmente, fai un resumo dos documentos, para despois traballares en equipo o seguinte:

- Problemas que aparecen reflectidos en cada documento.
- ¿Existen situacións parecidas na localidade en que vives? ¿Cales cres que son as causas?

# ATOPAMOS DESIGUALDADES SOCIAIS

28

Unha vez vista a situación xeral e a vosa situación particular, imola comparar coa información que nos ofrece a prensa diaria. Realizade un breve informe onde comparéde-la vosa situación coa das familias que aparecen nos documentos que agora presentamos:

## Evolución da vivenda e os salarios

Cadro 8

	V. P. O.	V. P. T.	VIVENDA LIBRE	VIVENDA USADA	SALARIO MEDIO
1986	40.572	-	64.279	49.546	113.400
1987	45.889	-	68.022	61.143	121.500
1988	52.493	-	80.315	72.313	128.800
1989	50.599	-	87.721	86.666	125.200
1990	73.312	-	97.164	98.822	137.000
1991	63.778	-	97.607	107.400	146.100
1992	67.510	95.309	104.599	115.496	157.100
1993	68.454	105.316	106.893	114.355	

Fonte: Banco Hipotecario e I.N.E. Publicado en *Diario 16*, o 23-VIII-1993.

## Documento 21

### Unha familia ten que gañar 400.000 pesetas ó mes para mercar un piso novo en Madrid

FRANCISCO PEREGIL. Madrid.  
O plano socialista das 460.000 vivendas, o plano 18.000 do concello, o plano 50.000, tamén do Concello, e o 64.000 da comunidade. "Moitos planos e ningún piso construído." Iso opinan os promotores inmobiliarios. Pero os efectos de tantos planos difusos notáronse na rexión. A xente non compra, simplemente agarda. Os promotores non venden, os axentes da propiedade tampouco, e ningún quere baixalos prezos. Agardan para subilos. Así, unha familia que queira un piso nun barrio de clase media terá que gañar 400.000 pesetas ó mes.

O cidadán sofre as consecuencias dos incertezas que afrontan os investidores. Un piso novo de tres cuartos nun barrio madrileño de clase media custa 25 millóns de pesetas. Significa

iso que unha familia precisa gañar 400.000 pesetas ó mes e pagar unha entrada de oito millóns.

Pasados 15 anos, podería dicir que a casa é súa, se pagou durante

tódolos meses 200.000 pesetas. Todo iso contando con que a familia consiga un crédito ó 13% de interese, algo pouco probable, xa que a maior parte das hipotecas se vende ó 15%.

#### Prezos da vivenda no mercado libre

##### Pisos de 100 metros cadrados

Vallecas Villa	13.400.000	Centro-Sol	25.200.000
Villaverde	16.000.000	Embajadores	25.900.000
Vicálvaro	17.200.000	Prosperidad	25.700.000
Barajas A. de Osuna	17.400.000	Valdezarra	27.400.000
Canillejas	17.900.000	Centro-Justicia	28.800.000
Vallecas D. M.	18.100.000	Retiro	28.900.000
Carabanchel	18.700.000	Castellana-Orense	29.700.000
Usara	19.800.000	Arturo Soria	30.000.000
Aluche	19.700.000	Ventas-P. Avenidas	31.200.000
General Ricardos	19.700.000	Argueri	35.500.000
Moratalaz	21.200.000	Chamberí	36.600.000
Canillas	21.600.000	Hispanoamérica	41.100.000
Tetuán	22.900.000	Salamanca	45.400.000
Ventas-Cruz Caídos	24.800.000		

### Entrampados ata o pescozo

Madrid

Os morosos do Banco de Crédito Hipotecario non existen ou sono só a medias. Os seus clientes, endebedanse, néganse a pagar mesmo cando chega o requirimento notarial, mergúllanse en procesos xudiciais, e ó final, cando o Hipotecario ameaza coa poxa da vivenda, os poucos que aínda non soltaron os cartos, pagan. Só ó 0,75% dos 96.500 solicitantes de créditos que existen na rexión, lle quitaron as casas que nunca pagaran.

A pesar da benevolencia do Hipotecario nos

xulgados da praza de Castilla de Madrid acumúlanse 2.501 procesos xudiciais, cunha débeda reclamada de 4.740 millóns de pesetas. Os que deron pé ó xuízo son, segundo datos do banco, os máis indixentes, xa que o 82% mercou unha vivenda de protección oficial.

O concello onde hai máis xente entrampada é Fuenlabrada (136.000 habitantes). Só alí se concentra o 44% da débeda vencida do banco na rexión. A capital de España só adebeda o 8% do total de impagos que hai en toda a Comunidade.

Fonte: *El País*, 24 de Novembro de 1991

Existen na actualidade (1991) en Galicia 196.309 vivendas baleiras, o que supón arredor da quinta parte das existentes (17,3 %). A este dato habería que engadir outro 10% do total, constituído polas vivendas de carácter secundario, utilizadas parcialmente polos seus usuarios.

Elaboración propia, a partir de informacións de prensa do ano 1991

## CADRO DE VIVENDAS, SEGUNDO O SEU USO

Censo de Poboación e Vivendas, 1991.  
Resultados provisionais (mostra avance)  
Xunta de Galicia, 1992.

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Vivendas principais	314.167 (70,2%)	116.214 (69,3%)	116.248 (62,1%)	240.252 (72,2%)
secundarias	41.279 (9,2%)	15.536 (9,3%)	30.515 (16,3%)	35.288 (10,6%)
baleiras	81.045 (18,1%)	32.359 (19,3%)	37.067 (19,8%)	45.838 (13,8%)
outras	9.810 (2,2%)	3311 (1,9%)	2919 (1,6%)	10.511 (3,2%)
Vivendas familiares	446.301 (99,8)	167.420 (99,8%)	186.749 (98,8%)	331.889 (99,8%)
Aloxamentos	345 (0,08%)	72 (0,04%)	94 (0,05%)	164 (0,05%)
Vivendas colectivas	751 (0,17%)	270 (0,16%)	238 (0,13%)	586 (0,18%)
Total vivendas	447.387 (100%)	167.762 (100%)	187.082 (100%)	332.638 (100%)

## CADRO DE VIVENDAS, SEGUNDO O SEU USO

Algunhas poboacións da provincia de Pontevedra

	Principais	Secundarias	Baleiras	Otras	Total
VIGO	79.236	5.797	12.254	3.925	101.212
PONTEVEDRA	19.662	1.351	2.842	2.494	26.349
TUI	3.909	433	550	249	5.141
CANGAS	6.259	1.256	1.517	23	9.055
VILAGARCÍA	8.967	1.269	2.406	38	12.680
PONTEAREAS	4.339	994	1.156	5	6.494
LALÍN	5.208	497	1.421	41	7.167

## Varias institucións reclaman unha solución Máis de corenta mil persoas carecen de vivenda en España

LEVANTE - EMV

VALENCIA

Un grupo de institucións que tratan o tema da marxinação difundiu un comunicado en que denuncian a situación das persoas sen teito. Entre as propostas defendidas por este grupo figura a esixencia dun mellor investimento público para a vivenda, que permita solucionar as carencias dos máis desfavorecidos.

Con motivo do día dos sen teito, o 5 de febreiro, Cáritas, a Asociación Valenciana da Caridade, Caminen, o Albergue San Xoán de Deus e Damas Apostólicas denunciaron o "escándalo social" que supón o problema das persoas que carecen de casa, que só en España son unhas 40.000.

"É un escándalo a indiferencia, a insensibilidade e o egoísmo ante o sufrimento moral e físico de numerosos homes, mulleres e rapaces abandonados e excluídos dunha sociedade que semella interesarse só no éxito e na eficacia", aseguran na nota de prensa.

Os colectivos citados anteriormente elaboraron unha serie de propostas, entre as que figuran: ampliación das competencias comunitarias nas cuestións sociais, mellor investimento público en materia de vivenda, estudo do fenómeno da inmigración para que os inmigrantes do Terceiro Mundo non sexan os sen teito de mañá e superen as actitudes de simple compaixón que xeran dependencia.

Fonte: Levante - EMV, 5-II-1.994

## Documento 23. B

*Este país asume como propios os principios da Carta das Nacións Unidas*

### EE. UU. PON ATRANCOS Ó DEREITO Á VIVENDA

**Teme que millóns de *homeless* poidan reclamarlle unha casa ó estado**

Juan Carlos de la Cal  
(enviado especial)  
ISTAMBUL

¿Teñén dereito os desherdados da terra a unha vivenda digna coma un máis dos valores fundamentais do ser humano? O tema, que centralizou ata o de agora os debates máis enervados de HÁBITAT II, segue levantando ronchas.

Aparentemente todos estaban de acordo coa cuestión que parece de sentido común. Sen embargo, a sorpresa chegou co inicio das primeiras reunións, cando os EE. UU. quixeron matizar esta reunión. E os matices, en falando no terreo das Nacións Unidas, son ás veces moito máis impor-

tantes cos discursos realizados sobre calquera asunto.

Entre os obxetivos previstos no Plan de Acción Mundial de HÁBITAT II, que ten como aspiración a súa aprobación final co consenso de tódolos países, especificase que os gobernos teñen a obriga de proporcionarlle á poboación "as condicións necesarias para conseguir vivenda adecuada, conforme ás normas respectuosas cos dereitos humanos".

Sen embargo, Michael Stegman, voceiro da delegación norteamericana, puntualizou que o seu país reconece o dereito á vivenda "como unha compoñente mais dos dereitos humanos, que non fai falta recalcar. Para

que se cumpra o desenvolvemento sostible que impulsou o cumio de Río, a democratización e a autoxestión son vitais. Os que teñan problemas deben buscar as súas propias solucións".

As reticencias dos EE. UU. veñen da dilatada dimensión do seu sistema xudicial, que asume como propios os principios recollidos na *Carta Universal dos Dereitos Humanos* de 1948.

Se o dereito á vivenda fora especificamente incluído na *Carta das Nacións Unidas*, millóns de *homeless* poderían demandar inmediatamente ó estado federal norteamericano por non cumprir este punto. Polo tanto, no país dos dereitos, moitos dólares están en xogo.

Fonte: El Mundo, 7 de xuño de 1996

Xoves, 14 de decembro de 1996

*Unha rapaza que vive nunha furgoneta resístese a operarse do corazón, maila atoparse gravemente enferma. Hai tres semanas deu a luz unha nena no Xeral-Cíes, onde vive ata que lle cedan unha casa.*

## A historia de Rosa e Antonio

A.O. Vigo

Un cuarto da planta segunda do Xeral-Cíes é dende o pasado día 24 de novembro o fogar de Rosa dos Anxos, unha rapaza de vintecinco anos, de etnia xitana, nai dunha filla de só tres semanas, que debe ser operada do corazón e sofre graves problemas respiratorios. Os médicos aconselláronlle operarse en Madrid, pero ela négase, a pesar da súa precaria saúde e de que non ten a onde ir.

“Ingresei no hospital para dar a luz, pero os médicos retivéronme polos meus problemas de pulmón e corazón, mais eu non quero operarme, estou farta de pinchazos e quero irme co meu home e a miña filla á casa. Hai seis anos, tamén estiven ingresada en Madrid, onde me dixeran que ían operarme, pero ó final non o fixeron; nunca souben por qué, asegura Rosa dos Anxos. A “casa” de que fala é unha furgoneta aparcada na antiga avenida de Madrid, onde vive con Antonio, o seu home, un rapaz de dezaioito anos.

Rosa e Antonio viven xuntos en Vigo dende hai dous anos. Coñecéronse de pequenos en Portugal, onde residen as súas familias. “Hai dous anos que estamos xuntos, pero non estamos casados polo civil, porque a Antonio non o rexistraron cando naceu, en San Sebastián; só ten os papeis do bautismo; agora estanlle arranxando a documentación”, sinala Rosa.

A nena, Rosa Marilia, está na incubadora. Os médicos aseguran que, maila o sopro ó corazón que ten de nacemento, está ben, anque debe gañar peso. “É a primeira filla que teño e creo que vai se-la derradeira; gustárame tela ó meu carón, pero non pode ser, porque está na unidade de prematuros” asegura a rapaza.

Antonio está preocupado porque á pe-quena Rosa a asistente social inscribiuna coa nacionalidade portuguesa. “A nena naceu en España; a miña muller é portuguesa pero ten o permiso de residencia e eu son español, aínda que me falta un certificado de voda dos meus pais para conseguila documentación. Non entendo por que lle pon que é portuguesa”, sinala Antonio.

Ningún dos dous mozos traballa, aínda que Antonio gaña algo para comer vendendo chatarra. Os problemas agudizaranse cando Rosa e a súa filla volvan a vivir á furgoneta. “Cando chove hai goteiras”, di Antonio, que non se despega da súa muller un momento.

“Está ó meu carón mañá e noite, as 24 horas do día; dorme nunha butaca e coídame e dime que teño que comer, porque estou inapetente, xa que o único que quero é marchar de aquí e que algúen me axude para conseguir unha casa ou un terreo onde vivir co meu home e a miña filla”, di Rosa.

O médico prohibiulle as visitas ata que mellore porque o cuarto convertérase nun centro da comunidade xitana. O vaivén de persoas comezaba á primeira hora da mañá e acababa cando pechaban o hospital. “A paciente está con insuficiencia cardíaca e non debe alterarse, por iso os médicos que a atenden decidiron prohibirle as visitas”, sinala a relacións públicas do Xeral-Cíes, Luísa Torres.

Unha señora amiga do matrimonio, Águeda Roger, estalles axudando a realizar os trámites para rexistra-la nena, conseguila documentación de Antonio, e o mais importante, unha casa onde vivir cando Rosa saia do hospital. “Axúdolles no que podo, o mesmo que Carme, a monxa dos xitanos, Rebeca e Concha, de Cáritas e Emma e Paz do Concello, pero é difícil. Precisamos que alguén os acolla ou lles ceda un piso ou unha vivenda, sinala Águeda, unha das poucas persoas que visitan agora a parella...

Antonio parece convencido de que Rosa está mellor no Hospital que na furgoneta, pero a súa muller non cede e insiste en que non quere seguir no centro hospitalario. O único que quere e saír, aínda que siga tendo os mesmos problemas e se fatigue ó realizar calquera tarefa. “Non lle pido nada ós Reis Magos, só que me deixen saír. Se me traen unha casa ou un terreo, mellor.”

# ATOPAMOS DESIGUALDADES SOCIAIS

## *Conclusións individuais*



- 29** ¿Pensades que é certa a afirmación de que "Todos temos dereito a unha vivenda" como sinala a Constitución? ¿Por que?
- ¿Por que hai persoas que non teñen vivenda, se resulta que hai vivendas baleiras?
  - ¿Por que hai vivendas baleiras no centro da cidade?
  - Redacta un informe onde explique-los motivos desas desigualdades na procura dunha vivenda.

Recapitulemos



*Nas actividades anteriores vimos que as cidades teñen diferentes barrios e que nestes existe unha grande diversidade de vivendas. Pretendemos agora explica-los factores que determinan esta distribución desigual sobre o territorio urbano.*

30

Nos documentos que vos presentamos imos observar diferentes planos de cidades e algunhas imaxes das súas formas. Vexamos agora que causas condicionan a distribución de barrios nos casos que vos presentamos:

- a) Indica como puido condiciona-lo medio físico (ríos, montes, praias, chairas...) as formas das cidades. Pon exemplos concretos.
- b) Explica como puido incidi-la evolución histórica, diferenciando partes da cidade. ¿Por que cambia a cidade nos diferentes momentos do pasado? Por exemplo, Alacante.
- c) Co plano da túa localidade explica os cambios no pasado e os proxectos futuros. Para que o traballo sexa correcto deberás levar a cabo un estudio dos diferentes usos do solo das rúas que estudiastes na actividade 5. Comparade logo os resultados có das outras rúas: ¿por que nunhas rúas hai uns usos e noutras outros?
- d) ¿Cal deses planos che parece máis agradable para vivir? ¿Por que? ¿Que criterios utilizaches? ¿Que outras cousas precisarías coñecer para saber se poderías vivir ben ou mal nese lugar?



# ANALIZAMOS PLANOS DE DIFERENTES CIDADES

Plano de Vigo


Figura 2



# ANALIZAMOS PLANOS DE DIFERENTES CIDADES

Plano da Coruña

Figura 3



# ANALIZAMOS PLANOS DE DIFERENTES CIDADES

Plano de Lugo


Figura 4



# ANALIZAMOS PLANOS DE DIFERENTES CIUDADES

Plano de Pamplona (Iruña)


Figura 5



# ANALIZAMOS PLANOS DE DIFERENTES CIUDADES

Plano de Santiago de Compostela

Figura 6



# ANALIZAMOS PLANOS DE DIFERENTES CIDADES

Os planos permítenos identificar partes diferentes da cidade. Imos realizar esta identificación e interpretación da realidade da nosa redonda.

## Resultados do equipo



**31** Na localidade en que vivides, seguramente haberá no Concello un plano a escala 1/10.000 ou 1/5.000. Sobre ese plano debes analizar:

1. As superficies de zonas verdes, cuantificando o número de parques e o seu tamaño. Indicade en que zonas da vosa localidade hai máis parques e onde se sitúan os máis grandes.
2. Explicade a forma xeral do plano do lugar en que vivides. Facede un bosquexo aproximado á realidade.
3. Comparade a forma do plano da vosa localidade coas tipoloxías presentadas polo profesor. ¿Como se pode realizar unha mellor comparación?

Se é posible, débese procurar compara-lo plano coa fotografía aérea da localidade, xa que así distinguiremos de forma máis clara os elementos representativos da cidade, en especial, os barrios.

Pero a mellor forma de analiza-la estrutura dunha cidade é estudiando os USOS DO SOLO. Para iso cómpre consultar un plano da cidade diferenciando sobre el:

- Uso público do solo (escolas, parques, servicios comúns).
- Uso para transporte (vías principais, vías de ferrocarril).
- Uso para abastecemento enerxético e auga potable.
- Uso residencial (vivendas).
- Uso comercial e industrial (inclúe a administración).
- Uso vacante e non urbano (agrario, forestal, ríos).

Este esquema, tomado de Stuart Chapin, semella sencillo, mais na práctica non o é tanto, pois os usos ás veces coexisten. Vós podedes realizar un esquema dos usos no lugar en que vivides:

## Resultados do equipo



**32** Utilizando cores diferentes e sobre a base do plano do lugar en que vives, fai un bosquexo dos usos do solo dos diferentes barrios. ¿Pódese afirmar que existen diferentes formas de uso na vosa localidade? ¿Que zonas serían esas?

# “Nove” UNHA PRIMEIRA SÍNTESE PARCIAL

## Recapitulemos



Xa coñecemos bastantes cousas sobre as vivendas e as agrupacións urbanas. Agora pretendemos realizar un **INFORME EN EQUIPO**, para que o portavoz poida lerlle en voz alta ó resto da clase:

1. Como organizáste-lo voso guión de traballo para explica-la relación existente entre as vivendas e as cidades. Indicade se modificáste-lo guión inicial da actividade 3 (posta en común ó remate desta actividade).
2. Que datos atopastes no estudio das rúas e máis dos barrios do lugar onde vivimos que vos permitan explicar cos conceptos aprendidos, como é un medio urbano e como se relacionan as vivendas entre si.
3. Que conceptos e datos permiten explicar mellor a diversidade existente entre vivendas, rúas, barrios e cidades dos distintos lugares do mundo.

Despois de discutirdes este informe entre os diferentes equipos, **ESCRIBIREDES NO CADERNO** os resultados que vós obtivestes do debate; tamén copiaréde-las frases do voso informe de equipo que consideredes máis correctas para explica-la cidade onde vivides e outras cidades. Podedes engadir datos estatísticos, mapas, fotos ou gráficos neste informe.

*Recapitulemos*

*Ata o momento, explicamos algúns problemas urbanos, en especial o relativo á compra e organización dunha vivenda. Tamén vimos como se organizaban as rúas en barrios e estes en cidades. Agora queremos saber por que as cidades se relacionan entre elas e por que hai cidades que medran máis ca outras. Dese xeito queremos chegar a algunhas conclusións que se poidan facer extensivas a moitos medios urbanos (ós máis próximos a nós ou ben a outros máis afastados).*

**O proceso de urbanización**

Cada vez resulta máis difícil delimitar qué é unha cidade ou unha área urbana. Se en tempos pasados existía un claro contraste entre espazos rurais e urbanos, agora confúndense cada vez máis estas superficies, formando un continuum urbano, onde as diferencias se establecen máis entre a calidade de vida dos diferentes barrios.


Ó mesmo tempo, aparecen novos conceptos que tratan de defini-la situación que se presenta ante a nosa observación da realidade cotiá. É probable que oirades falar da área metropolitana, das conurbacións, das rexións urbanas, das zonas suburbanas... Así, no caso da Comunidade Galega, os estudos que se fixeron sobre sistemas de cidades utilizan xa algúns destes conceptos. Imos, pois, formular algunhas cuestións sobre estes conceptos.




# AS CIDADES NO MUNDO ACTUAL

Mapa da distribución espacial das principais cidades españolas

Figura 7



TAMAÑO DAS AGLOMERACIÓNS  
(habitantes)




EIXES URBANOS

- I Franxa atlántica galega
- II Franxa norteña
- III Franxa mediterránea oriental
- IV Subsistema urbano andaluz:
  - A. Eixe litoral
  - B. Eixe do Guadalquivir

Fonte: Méndez y Molinero. *Geografía de España*, Ariel, 1993; p. 539

Mapa da rede urbana de Galicia

Figura 8



- Áreas metropolitanas
- Cidades medias
- Centros comarcais
- Subcentros

Fonte: *El área urbana de Ferrol. La crisis de un modelo urbano*, A Coruña 1994; p. 335

## AS CIDADES NO MUNDO ACTUAL

33

Contesta as seguintes preguntas:

- Explica como é o lugar onde vives: cales son os seus límites e por que dis que están alí. Comenta se o lugar en que vives se pode considerar unha cidade. ¿Por que?
- Explica os conceptos que aparecen no mapa da Comunidade Galega. ¿Por que hai diferentes conceptos?
- A partir do texto de *El País*, cartografía as mellores e as peores cidades de España. Observa os criterios utilizados, ¿cales engadirías? ¿eliminarías algún?
- Compara os datos de *El País* co mapa do tamaño das cidades españolas:
- ¿Onde mellor se vive, é nas máis grandes?
- ¿É nas de menor tamaño?
- ¿É indiferente?
- Mirando os cadros estatísticos observamos que unhas cidades medran máis ca outras: ¿por que? Localiza as que máis medran e trata de explica-las razóns do crecemento.

### Conclusiones da clase



34 Motivos das relacións entre cidades.

- Relación entre o proceso de urbanización e a mellora na calidade de vida.

# AS CIDADES NO MUNDO ACTUAL

As vinte cidades máis poboadas do mundo

Cadro 8

	1985		2000
México (México)	18,1	México (México)	26,3
Toquio (Xapón)	17,2	São Paulo (O Brasil)	24,0
São Paulo (O Brasil)	15,9	Toquio (Xapón)	17,1
Nova York (EE.UU.)	15,3	Calcuta (India)	16,6
Xanghai (A China)	11,8	Bombai (A India)	16,0
Calcuta (A India)	11,0	Nova York (EE.UU.)	15,5
Bos Aires (Arxentina)	10,9	Seúl (Rep. Corea)	13,5
Río de Xaneiro (O Brasil)	10,4	Xanghai (A China)	13,5
Seúl (Rep. Corea)	10,2	Río de Xaneiro (O Brasil)	13,3
Bombai (A India)	10,1	Deli (A India)	13,3
Os Ánxeles (EE.UU.)	10,0	Bos Aires (Arxentina)	13,2
Londres (Reino Unido)	9,8	O Cairo (Exipto)	13,2
Beixing (A China)	9,2	Iacarta (Indonesia)	12,8
Rin-Rur (R. F. A.)	9,2	Bagdad (Irak)	12,8
París (Francia)	8,9	Teherán (Irán)	12,7
Moscova (URSS)	8,7	Karachi (Turquía)	12,2
O Cairo (Exipto)	8,5	Istambul (Turquía)	11,9
Osaka (Xapón)	8,0	Os Ánxeles (EE. UU.)	11,2
Yakarta (Indonesia)	7,9	Daca (Bangladesh)	11,2
Tianxin (A China)	7,8	Manila (Filipinas)	11,1

## Documento 25

### “Un monstro que devora mil cidadáns ó día”

Cos seus 15 millóns de habitantes, aquí, na cidade máis poboada do mundo, mestúrase a maior das riquezas coa peor das pobreza, a ledicia coa tristura, a bondade coa violencia, o risco co medo e o pasado co presente. Isto, máis ca unha aparente contradición, aquí é unha forma de vida.

Para sobrevivir nesta cidade, cunha poboación similar á que teñen no seu conxunto Finlandia, Noruega e Dinamarca, precísanse paciencia e valor. Son 12.000 habitantes por quilómetro cadrado, tres veces máis cos de Londres ou París, pero tamén case tres

millóns de vehículos particulares os que a diario saltan ás súas rúas, a pesar de que cada un debe deixar de circular un día á semana.

Todo en México, que maila ser vella cidade non deixa tampouco de ser unha das urbes arquitectónicas máis modernas do continente americano, preséntase en primeira instancia sobredimensionado. Mais, tras ese xigantesco horizonte de rúas interminables como a de Insurgentes (45 quilómetros), atópase tamén unha cidade miúda, refinada, artesá, conservadora dos seus costumes, tradicional no trato e orgullosa da súa amalgama cultural.

O alcalde de México, coñecido como “rexente”, non é un cargo electo como en calquera das restantes cidades da repúbli-

ca. A pesar de que a cidade conta coa súa propia Asemblea de Representantes, o rexente é nomeado polo presidente da nación, porque é gobernador e alcalde ó mesmo tempo. A economía da Cidade de México xera un PIB de máis de seis billóns de pesetas, case similar ó dos países como Arxentina ou Polonia.

Dende hai dez anos, un promedio diario de mil persoas chegan por primeira vez á cidade e non volven. A maioría é xente humilde que foxe da miseria do interior da república e busca na monstruosa urbe amparo e emprego. En total, calcúlanse en 140.000 os moicanos que se dedican diariamente á venda ambulante na cidade que, por outra banda, conta con 130.000 comercios de venda ó público.

Cidade de México. *El País*.

# AS CIDADES NO MUNDO ACTUAL

## As mellores metrópolis do mundo

Documento 26

1. Melbourne (Australia), Montreal (Canadá), Seattle-Tacoma (EE. UU.)
2. Atlanta (EE. UU.), Essen-Dortmund-Duisburg (Alemaña)
3. Detroit-Windsor (EE. UU.)
4. Dallas-Fort Worth (EE. UU.), Houston (EE. UU.), Sidney (Australia), Toronto (Canadá)
5. Mánchester (Reino Unido), Osaca-Kobe-Kioto (Xapón), San Francisco-Oacland-San Xosé (EE. UU.), Toquio-Yokohama (Xapón)
6. Singapur
7. Filadelfia-Trenton-Wilmington (EE. UU.)
8. Birmingham (EE. UU.), Nagoia (Xapón)
9. Washington DC (EE. UU.)
10. Chicago e Miami (EE. UU.)
11. Kiev (URSS)
12. Madrid (España)
13. Berlín (Alemaña), París (Francia)
14. Boston (EE. UU.)
15. Nova York (EE. UU.)
16. Londres (Reino Unido), Os Ánxeles (EE. UU.), Milán (Italia), Taipei (Taiwan)
17. Roma (Italia)
18. Hong-Kong
19. Budapest (Hungría)
20. Moscova (URSS)
21. Barcelona (España), San Diego-Tijuana (EE. UU.), Varsovia (Polonia)
22. Atenas (Grecia), Leningrado (URSS)
23. Ancara (Turquía), Katowice-Bytom-Gliwice (Polonia), Lisboa (Portugal)
24. Tasukent (URSS)
25. Belo Horizonte (O Brasil)

*El País Semanal*, 21-IV-1994

## Onde mellor se vive...

**Texto:** Vicente Verdú e Rafael Ruiz.

¿Onde se vive mellor en España? Difícil pregunta. Segundo os criterios seleccionados, a investigación realizada por *El País Semanal* elaborou unha lista de cidades onde mellor e peor se vive en España.

O acceso a unha vivenda propia, factor imprescindible para o benestar social, é tamén máis difícil nas grandes cidades, pero problemas como o tráfico, os ruídos e a contaminación atmosférica han ser relativizados: quen se propón cambia-lo lugar de residencia considera primeiro a súa mellora salarial.

## AS MELLORES:

1. Palma.
2. Xirona.
3. Vitoria-Gasteiz.
4. Barcelona.
5. Santander.
6. Alacante.
7. Madrid.
8. Pamplona-Iruña.
9. San Sebastián-Donostia.
10. Logroño.

## ASÍ SE FIXO A VALORACIÓN

Texto de Rafael Ruiz

Elizíronse primeiro coñesta e cinco criterios –económicos e sociais– que puideran dar unha idea aproximada da distribución xeográfica do nivel de vida en España. Manexáronse en todo caso cadros estatísticos que amosaran índices porcentuais e que estiveran elaborados nos últimos cinco anos, agás as conclusións da Enquisa de Orzamentos Familiares, con datos de 1981, por ser esta unha mostrate que se realiza cada dez anos.

Engadíuse ademais un terceiro grupo con valoracións subjetivas, como a estética e o clima. Uns indicadores son causa de benestar social (renda per cápita e PIB, por exemplo); outros, reflexo de ter conseguido un certo benestar (a lectura de libros e prensa, entre outros). Tívose especial coidado, por outra parte, en seleccionar algún baremo que reflective a actitude das persoas (como a valoración da propia saúde e o decésimo á hora de buscar traballo).

## OS QUINCE CRITERIOS PRINCIPAIS

- Renda familiar dispoñible por persoa.
- Tasa de paro.
- Tasa de inflación.
- Número de pobres.
- Prezo do aluguer e venda da vivenda.
- Saúde: número de camas hospitalarias.
- Educación: facilidade de acceso á Universidade.
- Medio ambiente: zonas verdes, instalacións deportivas, contaminación atmosférica.
- Desenvolvemento e especialización comercial.
- Cultura: asistencia a salas cinematográficas máis índice de lectura de libros e prensa.
- Delictos denunciados.
- Terrorismo.
- Localización xeográfica e comunicacións.
- Temperatura media.
- Estética da cidade.

El País Semanal, 28-IV-1994

## ...Onde mellor se vive

### AS PEORES:

1. Xaén.
2. Badaxoz.
3. Albacete.
4. Guadalaxara.
5. Cuenca.
6. Lugo.
7. Bilbao-Bilbo.
8. Huelva.
9. Córdoba.
10. Ourense.

# "Once" A CIDADE COMO SISTEMA. O METABOLISMO URBANO

## Recapitulemos

✓

Xa sabemos que as vivendas se relacionan unhas coas outras e conforman as rúas, que á súa vez forman os barrios. Hai diferentes barrios nas cidades e estas relaciónanse con outras cidades. Todo parece estar en relación con todo, e así tamén ocorre no caso das cidades.

A cidade é un organismo que ten as súas entradas e as súas saídas. Entre as entradas ou necesidades da cidade podemos sinala-las seguintes: abastecemento de alimentos, de auga, de materias primas, de enerxía ...

Por iso, a cidade relaciónase cada vez máis co seu contorno, máis ou menos próximo, do que absorbe todos eses produtos: alimentarios (espacios agrarios ou centrais alimenticias); materias primas (fragas, canteiras, minas...); auga (ríos e embalses); enerxía (centrais hidroeléctricas, térmicas ou nucleares...)

Pero a cidade tamén é un organismo funcional, produce o seu detritos; son os gases e residuos sólidos e líquidos. Créase así a contaminación atmosférica (e tamén acústica); a acumulación de lixo en certos lugares próximos ás cidades, ou o seu necesario tratamento; a contaminación das augas, ou a súa necesaria depuración.

Diante de todo isto trátase de atopar cada día unha cidade máis habitable e menos contaminada, o que fai necesarios investimentos cada vez máis grandes.

35

Observa os conceptos que podes atopar para explica-lo funcionamento dunha cidade:

Auga	Enerxía	Alimentos	Materias Primas
Ruído	Gas Nocivo	Augas Sucias	Residuos Sólidos

Indica ¿como se relacionan os catro primeiros elementos cos catro segundos na túa localidade? ¿Por que se dá esta relación?

## A CIDADE COMO SISTEMA. O METABOLISMO URBANO

36

Sinala no cadro seguinte a existencia ou a carencia (respecto da túa localidade) dos elementos que rexen o metabolismo da cidade.

Cadro 9

	SI	NON
Embalse de auga potable		
Central Térmica		
Depuradora		
Vertedoiro do Lixo		
Mercado Central		
Estación do Ferrocarril		

Na cidade, un dos problemas básicos é o tráfico urbano, que se manifesta nos atascos, colisión de intereses (vehículo-peón), contaminación, ruído, etc.

Pero ademais do transporte, a vivenda e o metabolismo, hai outros problemas. Un deles é a dificultade de enche-lo tempo libre.

Dunha banda, os vellos dispoñen de poucos espazos onde divertirse, reunirse ou pasear. Hai poucos parques.

Doutra, os mozos teñen poucos lugares para divertirse, ou ben están pensados para os adultos e hai que pagar, como por exemplo as discotecas. Non están dotadas, de toódalas instalacións necesarias para os deportes, beneficiándose uns en prexuízo dos outros. E as dificultades son maiores para as mulleres.

Como consecuenciado anterior, a imaxe da cidade vaise deteriorando. Edifícios vellos, que destacaban fronte á uniformidade dos novos, son derribados; barrios doutros tempos abandónanse e aparecen sucios, escuros e altamente inseguros.

Se cadra, ti coñeces problemas máis concretos. Diso se trata. Ti, como cidadán, debes coñece-los problemas da túa localidade e mesmo pensar como sería posible solucionarlos.

37

Propoñémosche que elabores un informe sobre un dos problemas que poidas localizar no teu lugar de residencia.



# "Doce" PLANIFICÁMO-LA CIDADE DO FUTURO

Recapitulemos

✓

Estamos rematando o tema. Xa coñecemos algúns dos problemas das cidades. Xa sabemos que as cidades cambian constantemente e que as vivendas se van adaptando ás necesidades dos seres humanos. Agora trátase de planifica-la cidade que nós quixeramos e a que é posible.

En diferentes momentos da historia da humanidade, os grupos humanos, especialmente os dirixentes das cidades, planificaron o futuro do seu territorio, que para nós é xa pasado. Vexamos algúns exemplos:

## Documento 28


No proxecto da *centuriatio* faise referencia a dous eixes principais, o *decumanus maximus* e o *cardus maximus*, que teñen a maior lonxitude e cruzan nun punto determinado, considerado como o punto ideal da colonia (...) as vías rurais que saen das portas da cidade son a continuación das vías urbanas(...) Polo tanto, as cidades romanas trazadas cun deseño regular, de orde militar ou civil, débense considerar como unha aplicación a escala urbana do método xeral da *centuriatio*, é dicir, unha continuación simplificada e estandarizada da práctica hipodámica difundida no mundo helénico (...). As cidades fundadas ex novo polos romanos en Italia e na parte occidental do Imperio son moi numerosas e continuaron funcionando, como fortalezas ou como centros de recrutamento da poboación, incluso despois da caída do Imperio.

Elaboración propia a partir de *Leonardo Benéolo: Diseño de la Ciudad 2: El arte y la ciudad antigua*. Barcelona, Gustavo Gili, 1982: páxs. 230-231.

# PLANIFICÁMO-LA CIDADE DO FUTURO

Exemplo de cidade romana (Silchester, Bretaña)

Figura 9



## Documento 29


A maioría das civilizacións organizadas e sedentarias xeraron nun momento da súa historia cidades de orixe voluntaria –por oposición a procesos espontáneos.(...) Sen que se renuncie a unhas organizacións xeométricas do espazo, é a predeterminación das formas de vida e do benestar dos habitantes o que se converte en preocupación esencial durante a primeira metade do século XIX nos diferentes realizadores de cidades utópicas (...) Con Howard aparecen as primeiras fórmulas dun urbanismo realista e aplicable, concretado nas súas cidades-xardín. Howard endexamais considerou que o estado puidera intervir, e a súa reflexión tentará concilia-los entusiasmos dos individuos cos condicionantes dunha sociedade capitalista e industrial.

Tomado de Claude Chaline: *Las nuevas ciudades en el mundo*.  
Barcelona, Oikos-tau, 1988, páxs 18 a 24.

# PLANIFICÁMO-LA CIDADE DO FUTURO

Esquema teórico da cidade-xardín de Howard en 1899

Figura 10



38

Despois de le-los textos e analiza-los gráficos e o mapa trata de chegar a algunhas ideas básicas:

- ¿Como se organizan as cidades? (Elementos básicos).
- ¿Cal era a función predominante das cidades planificadas? ¿Que se pretende conseguir coa planificación?
- Localiza nun mapa de Europa os lugares que se citan nos documentos.

A planificación do territorio evidencia a presenza de intereses opostos. Como vimos nas actividades anteriores, as cidades están vencelladas ós axentes urbanos que as constrúen, material ou funcionalmente. Os documentos que agora presentamos ofrécennos unha perspectiva de análise onde se relaciona a cidade cos seus habitantes.

## Documento 30

A forma da cidade é a que obtén a maior rendabilidade dos terreos urbanos, é dicir, a máis rica en diferencias (un centro máis denso e unha periferia máis despoboadada, dividida en sectores de carácter diverso) aínda que resulte ineficaz e custosa. O mecanismo urbano estará sempre conxestionado porque o equipamento urbano –rúas, instalacións de servizo– será sempre insuficiente, en tanto que a explotación dos terreos alcanza ou incluso supera os máximos fixados polas ordenanzas.

Elaboración propia a partir de Leonardo Benevolo *Diseño de la ciudad 5: El arte y la ciudad contemporánea*. Barcelona, Gustavo Gili, 1982, páx. 54.

## Documento 31

Varias tarefas elementais constitúen o traballo necesario para a produción dun conxunto de vivendas, tarefas que poden evolucionar coa adopción de novas técnicas. Esencialmente hai tres tipos de tarefas:

- a) A definición do produto, ou sexa, a forma, a cor, o aspecto estético, os equipamentos, os espazos exteriores, os accesos... Neste momento, o proxecto é fundamental.
- b) A preparación da produción, o axeitamento do solo e a disposición dun programa de construción.
- c) A produción propiamente dita, que pode variar máis ou menos dependendo do desenvolvemento tecnolóxico.

Nestas tarefas interveñen varios axentes:

- As oficinas técnicas da Administración e os concelleiros, que aproban un determinado planeamento.
- O promotor, que pode se-lo propietario do solo, ou unha empresa en forma de sociedade anónima, responsable de obter o diñeiro para iniciar a construción e despois obter unhas rendas pola venda das vivendas.
- O arquitecto, aparelladores ou estudio de arquitectura, que son as persoas que definen a forma e estrutura das vivendas.
- As empresas de construción, que son as encargadas de construí-la obra.
- As axencias da propiedade inmobiliaria, encargadas de face-la publicidade dos edificios e vendelos...

Elaboración propia, a partir de Edmond Preteceille *Región de París. La producción de los "grands ensembles"* Barcelona, Gustavo Gili, 1976.

**39**

Realiza unha lectura comprensiva destes documentos, analizando cales son as relacións que se establecen entre sociedade e territorio.

Como se ve, hai moitos intereses en xogo. Ás veces estes intereses poden afectar ó benestar das poboacións que viven nas cidades; por iso, sobre todo dende o século XIX, establécense unhas regras do xogo, un planeamento institucional.

## Documento 32

O Plan Xeral é un debuxo, co valor de lei, que establece as regras e as limitacións do uso do solo en cada cidade. O territorio dun concello está dividido nun certo número de zonas; en cada unha delas poderase aproveitar o terreo construíndo certo número de metros cúbicos por metro cadrado, con límites de altura establecidos, de separación das outras construcións, etc., que non se pode construír de ningún modo se a zona está destinada a rede viaria ou parque público.

Leonardo Benevolo: *Diseño de la ciudad 1: La descripción del ambiente*. Barcelona, Gustavo Gili, 1982; páx. 218

# PLANIFICÁMO-LA CIDADE DO FUTURO

Agora imos comprobar como este tipo de planeamento se aplica nalgunhas cidades españolas.

## Contido básico do programa de actuación do P. E. V. A. (Plan estratéxico de Vigo e a súa área de influencia)

Documento 33

### OBXECTIVO XERAL DO PLAN

Transformar Vigo e a súa área de influencia nunha cidade dinámica, industrial e de servizos, na que os cidadáns dispoñan de oportunidades de promoción social e melloren a súa calidade de vida. Procurarase a configuración da cidade como capital do Eixo Atlántico.

Estratexias para cumprilo obxectivo xeral:

Estratexia 1: Potenciar Vigo como cidade industrial e de servizos.

Estratexia 2: Aumenta-las oportunidades de promoción social e mellora-la calidade de vida dos cidadáns.

Estratexia 3: Vigo como capital do Eixo Atlántico e Centro Rector da eurorrexión galaico-portuguesa

40

¿Coñecéde-los membros do equipo algún proxecto de urbanismo na vosa cidade? En caso de terdes que planifica-lo voso barrio, ¿que fariades? ¿A onde acudiriades? ¿Que cousas credes que debedes ter en conta? ¿Coidades que a Administración actúa dunha forma neutral, sen favorecer uns particulares fronte a outros? Razoade a vosa resposta con argumentos e elaborade un informe coas noticias da prensa.

Documento 34

O planeamento do territorio non só afecta ás grandes cidades. Tamén os lugares máis pequenos necesitan de figuras legais que preserven o patrimonio histórico e definan os conxuntos urbanos. Un exemplo do que dicimos é o plano especial do centro histórico de Allariz, aprobado no ano 1995.

O documento estrutura o centro histórico en tres grandes partes:

- O casarío apertado, ou sexa, a zona edificada.
- Os grandes espazos públicos (o castelo, a Barreira) e privados (hortas) que aparecen no medio do espazo edificado.
- O río Arnoia.

Sobre este centro histórico preténdese acometer un plan de rehabilitación integrada, compatible co desenvolvemento urbano e a mellora da calidade de vida das persoas que aló viven. As directrices básicas do plan son:

- A salvagarda do Patrimonio Arquitectónico e Cultural.
- A mellora das condicións de vida da poboación, evitando o seu desarraigo e freando o deterioro da área histórica.
- A integración da cidade histórica no tecido urbano e no contexto funcional da cidade.

Respecto ó espazo construído, propónse rehabilita-los edificios construídos e mante-las rúas con enlousado de pedra e non con piso de asfalto. Para o río propónse a creación de sendeiros peatonais e pasos elevados para comunicar ambas beiras e poder gozar dos parques.

A través destas medidas pónense en servizo actividades que pulan o cumprimento do papel de carácter turístico que se está a desenvolver en Allariz, onde a recuperación do patrimonio artístico e etnográfico ten un enorme valor.

## PLANIFICÁMO-LA CIDADE DO FUTURO

41

Localiza nun mapa de Galicia a vila de Allariz. Consultando unha enciclopedia ou un anuario estatístico pescuda a poboación do municipio. ¿Por que é vital salvagarda-la riqueza do centro histórico dunha vila dun municipio pequeno? Fai unha pequena redacción onde explique-la necesidade da conservación e rehabilitación das vilas para os propios veciños e para o conxunto da humanidade.

Nos momentos actuais reviste un enorme interese o planeamento estratéxico das cidades. Fuches invitado a participar como veciño nos debates sobre onde se organiza o futuro da cidade, e áchastecunha información sinxela, como o documento que segue, sobre o que é un Plan Estratéxico. Pero ti sabes máis cousas da cidade.

### Documento 35

Nos últimos anos, o concepto de planificación estratéxica aplicada ás cidades e territorios empezou a proliferar nas revistas especializadas de planeamento urbano e rexional (...) O Plan Estratéxico baséase na colaboración entre os axentes públicos e privados, na elaboración dun proxecto capaz de facer confluír e vertebralos esforzos cidadáns na constitución do futuro da cidade (...) A planificación estratéxica non é unha planificación detallada, o seu obxectivo é centrarse en poucos obxectivos e proxectos, pero esenciais, para conseguila adecuación xeral da cidade en función das metas globais (...) é un plan de acción dirixido a un futuro en que se articulan unha serie de decisións que se deben executar hoxe e con efecto a un prazo determinado.

Elaboración propia a partir de Fernández Güell et alii: *Las grandes ciudades: debates y propuestas*. Madrid, Colegio de Economistas de Madrid, B.C.L., B.C.H.; páxs. 285-294.

42

Despois de debater en equipo a forma de organiza-lo territorio urbano, ti mesmo, individualmente farás un INFORME onde debes menciona-los PRINCIPALIS PROBLEMAS que existen na túa cidade, indicando como se poden solucionar. Para iso, convenche seguir un guiión semellante ó que segue:

- Problema que ti percibes.
- Onde o observas.
- Como o defines conceptualmente.
- A onde poderías acudir para solicitar máis información.
- Que solucións propós para a súa resolución.
- Como ordenarías os usos do solo futuro.

ISBN 84-8302-178-1  
9 788483 021781



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Política Lingüística

Subvencionado pola Xunta de Galicia,  
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.  
Dirección Xeral de Política Lingüística.

---

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA

